

Paulo

Escrito por Miguel Anxo Mouriño
Domingo, 10 Xullo 2011 02:21

Cando chego ao colexio sempre hai algúns cativos preto da porta de entrada cos que intercambio saúdos e, ás veces, algunha breve conversa. Hoxe está Paulo, de 1º curso, dos que acaban de inaugurar unha etapa da vida escolar, un salto ao descoñecido que os adultos, seguramente, non sabemos apreciar na súa verdadeira dimensión. Hai uns días estaba facendo un exercicio na súa aula cando foi reprendido suavemente pola profesora porque non estaba pondo o coidado debido; el escoitoua apraciblemente e logo comentoulle ao compañeiro de mesa:

- Nunca pensei que isto fose tan serio.

Aposto a que non se refería ao exercicio, senón á nova vida que acababa de encetar.

A súa cara bolecha mírame dende alá abaixo cunha expresión de simpatía que eu quero supoñer real, aínda que non o aseguro porque o abismo que se interpón entre un alumno e un profesor debe ser, dende a súa perspectiva, imponente, sobre todo cando aínda non o coñece ben.

- Bos días, Paulo.
- Bos días, teacher.

Bota a correr cara a onde o esperan outros compañeiros, todos máis grandes ca el, que naceu en decembro e polo tanto aínda ten 5 anos. ¡Que mundo tan novo para case un bebé!

De súpeto detén a carreira, dubida un intre e volve a correr onda min, que estou metendo a chave na fechadura e deteño o movemento para prestarlle a atención debida.

- ¡Teacher! ¿Sabes unha cousa?

- Dima ti, Paulo.

Paulo

Escrito por Miguel Anxo Mouriño
Domingo, 10 Xullo 2011 02:21

- Na casa, Óscar non estuda nada, nada.

- Hai que ver. ¿E ti estudas moito?

- Si, eu estudo Física.

- ¡Non me digas! ¿E como fas iso?

- Na cama. Practico as cambadelas.

- ¡Ah! As cambadelas.

- Bueno, o profe chámalle “volteretaz”, pero son cambadelas.

- Así me gusta, Paulo, que estudes.

A cara ilumínaselle e marcha contento, dando pequenos brincos. Máis alá Óscar observa, seguramente con certa reserva, porque sabe ou presume que o seu pequeno amigo estaba falando del.

Paulo párase de novo, dá media volta e diríxese outra vez cara a min, detendo a miña manobra de abrir a porta:

- ¡Teacher!

Paulo

Escrito por Miguel Anxo Mouriño
Domingo, 10 Xullo 2011 02:21

- ¿Qué pasa, Paulo?

Pousa a mochila no chan, busca e saca un papel cun debuxo, que me ofrece con decisión. É un can, nótase que é un can, e ten un colar. Está rodeado cun marco de corazóns vermellos.

- É Ruso, o meu can.

- Que bonito, Paulo. ¿É para min?

Cometo a torpeza de presupoñer o destino do debuxo sen me decatarme de que podía facer que se sentise obrigado a darmos. Pero isto non sucede con Paulo. É valente e desenvolto.

- Non, é para Carme.

- ¿E por que non llo dás a ela?

- Porque non mo quere coller.

- ¿?

- Di que, se mo colle, é a miña noiva, e non quere.

- Pois dille que...

Paulo

Escrito por Miguel Anxo Mouriño
Domingo, 10 Xullo 2011 02:21

- Pero pódesho dar ti.

- Claro que si, a min seguro que mo colle. Non te preocupes que Carme terá o teu debuxo.

- Grazas, teacher.

Trota de volta cara aos seus amigos que o acollen con alegría. ¿Contaralles que está namorado?

Quedo un anaco absorto contemplando unha neboeira de tempo a través do debuxo e, mentres, chega unha compañeira que abre a porta.

- Sei que che deron un agasallo.

- Non é para min.

Gardo o papel e non conto nada. Tal vez eles non queiran que os seus sentimentos anden de boca en boca.